



# GUÍA DIDÁCTICA

Lorena Varela Guzmán  
Yolanda Varela Guzmán  
Licenzas por formación 2023-2024

## ÍNDICE

|   |    |
|---|----|
| 1. MUSIC FACTORY.....                     | 1  |
| 2. CARACTERÍSTICAS XERAIS.....            | 1  |
| 3. ESTRUTURA.....                         | 2  |
| 4. OBXECTIVOS.....                        | 3  |
| 5. COMPETENCIAS.....                      | 4  |
| 6. CONTIDOS.....                          | 5  |
| 7. METODOLOXÍA.....                       | 8  |
| 8. AVALIACIÓN.....                        | 9  |
| 9. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE..... | 10 |

# 1. MUSIC FACTORY

Music Factory é un proxecto **interdisciplinar** de oito unidades que abrangue o contido do **curso completo** da materia de Linguaxe Musical de 1º curso de Grao Elemental de Conservatorios en lingua inglesa.

## 2. CARACTERÍSTICAS XERAIS

As oito unidades de Music Factory foron elaboradas coa versión 2.9 do programa de código aberto e gratuíto **eXeLearning** que permite exportar os contidos en arquivos coa extensión .elp (convertindo os materiais en facilmente **reutilizables** mediante a exportación ou incorporación de páxinas de outros proxectos nos propios) ou SCORM (que permite incorporar os contidos á plataforma *Moodle*. *eXeLearning* atópase no listado de programas dos equipos informáticos ABALAR ou EDIXGAL e está dispoñible para GNU/Linux, Microsoft Windows e Apple.

O feito de empregar a lingua inglesa débese á necesidade de proporcionar ao alumnado un marco educativo **plurilingüe** que lle permita a súa adaptación a unha realidade social establecida dentro dun contexto globalizado onde é indiscutible a proxección internacional do alumnado que realiza estudos de ensino artístico: eventos, concertos, festivais, estadias formativas, etc, nas que non só é importante establecer vínculos por medio da música, senón poder compartir experiencias, entender e dar explicacións e instrucións nun contexto de comunicación fluída.

Empregaremos nestas unidades as cancións populares e tradicionais posto que forman parte da nosa primeira linguaxe e proporcionan unha contorna agradable para a aprendizaxe musical, o desenvolvemento cognitivo e lingüístico, o fomento da creatividade, improvisación e da coordinación corporal.

As cancións empregan os contidos estudados nas unidades, inclúen fórmulas rítmicas e melódicas de forma reiterada que combinan o uso da palabra e da música e polo tanto é necesario memorizalas, entoalas e percibir axeitadamente o ritmo para interiorizar os conceptos do currículo.

As cancións escollidas foron arranxadas acorde ao nivel e madurez do alumnado e, ao mesmo tempo que presentan a teoría musical e os elementos rítmicos, auditivos e melódicos, amosan unha visión global da música do mundo, con melodías de diversos lugares e en diversos idiomas.

A secuencia de materiais presentados por *Music Factory* presenta as seguintes características:

**-Motivadora**, empregando presentacións e vídeos feitos con CANVA que amosan unha combinación de cores, letra, Giffs animados e imaxes agradables e atractivas para o alumnado.

-Fomenta a **creatividade**, con apartados de elaboración de partituras, invención de percusión corporal, letras, etc. e ó mesmo tempo se traballa o **pensamento crítico** aplicado tanto ás creacións e traballo propio (por medio da autoavaliación) como ás creacións alleas.

-**Adaptabilidade**. As actividades amosan niveles variados, comenzando polo mais fácil e incrementando a profundidade permitindo, deste xeito, atender á diversidade. Os materiais, ademais, poden atoparse en diferentes formatos: imaxes, son, texto, e se inclúe a barra de accesibilidade BatexeGo, que permite modificar o tamaño de letra e a propia letra e escoitar o contido.

-**Interactividade**. O alumnado atopará **actividades variadas**: encher ocos, escolla múltiple, relacionar elementos, verdadeiro ou falso, sopas de letras, vídeos interactivos, emparellar, etc. nas que recibiran **retroalimentación instantánea**. As actividades poden repetirse tantas veces sexa necesario tanto na aula como fora dela. As unidades presentan un **formato previsible e lóxico** e presentan facilidade de navegación mediante un menú despregable a esquerda con **títulos descritivos**: Let's sing, creative lab, assessment, etc. Dende este menú pódese acceder a calquera parte da unidade e, ademais, na parte superior e inferior dereita hai un botón de acceso á seguinte páxina. Para facilitar o acceso ao contido de cada unidade, o **índice** de todo o proxecto e a **guía de usuario**, pensada para o alumnado, atópase na páxina de inicio de cada unidade.

Barra accesibilidade

Acceso á seguinte páxina

Teoría

Práctica musical e creativa

Práctica inglés

Músicas do mundo

Avaliación


Documentos para profesorado

Índice de todas as unidades

Guía para o alumnado

Licenza dos materiais CC BY-NC-SA

### 3. ESTRUCTURA

|   |  |
|---|--|
|    | <p>A primeira parte é <b>DISCOVERING THEORY</b>. Neste apartado preséntase a teoría con vídeos interactivos, vídeos, presentacións ou texto acompañados de son.</p>  |
|    | <p>O seguinte é <b>LET'S SING</b>. Práctica da lectura melódica. Hai exercicios de recoñecemento de notas na partitura e de entoación desas notas. Pódense acompañar de instrumentos Orff</p>  |
|    | <p><b>KEEPING THE BEAT</b>. Exercicios e musicogramas que sirvan para seguir o ritmo e usar a percusión corporal.</p>  |
|    | <p><b>EAR TRAINING</b>. Exercicios de recoñecemento da afinación das notas e dos silencios.</p>  |
|    | <p><b>CREATIVE LAB</b>. Creación de partituras, letras, percusión corporal e posta en práctica do pensamento crítico.</p>  |
|   | <p><b>MUSIC AROUND THE WORLD</b>. Arranxos musicais de cancións e melodías do mundo co fin de desenvolver a competencia en Conciencia e Expresións Culturais e preparar ao alumnado para representar pezas en audición e festivais.</p>  |
|  | <p><b>LANGUAGE TRAINING</b>. Práctica da lingua inglesa e que tamén serve de repaso da teoría musical. Hai exercicios de escoita e escritura de léxico, definicións, escolla de palabras para completar textos, etc.</p>   |
|  | <p><b>ASSESSMENT</b>. Avaliación do alumnado mediante cuestionario SCORM e logo diapositivas co as que o alumnado pode reflexionar sobre o seu aprendizaxe e por en común cos compañeiros/as as súas inquiredanzas e dificultades para atopar axuda entre iguais e fomentar a cooperación.</p> |
|  | <p><b>DOCUMENTS</b>. Hai unha rúbrica para avaliar a proposta educativa e o desenvolvemento na aula, esta guía didáctica, o manual de uso e o documento coa cita da autoría das imaxes e son empregados.</p>   |

## 4. OBXECTIVOS

- Proporcionar ao alumnado material dixital, flexible no tempo de emprego, con contidos de dificultade graduada e sempre accesibles que, ademais, ofrecen unha retroalimentación inmediata nalgúns áreas da práctica musical e lingüística mediante a comprobación de resultados.
- Presentar os contidos e a práctica da materia de Linguaxe Musical de 1º Ensinanzas Elementais dunha forma atractiva, variada e motivadora.
- Proporcionar ao profesorado de grao Elemental e Profesional e ao profesorado de Pedagogía Xeral e da Linguaxe Musical de Conservatorios.
- Superiores todos os recursos, non só para a práctica musical senón lingüística, necesarios para aprofundar na materia.
- Favorecer o estudo e práctica activa da materia evitando as limitacións físicas e temporais.
- Fomentar a creatividade, o traballo individual e en grupo, a cooperación, a reflexión sobre o propio traballo e o coñecemento e respecto pola música doutras partes do mundo.
- Incrementar a competencia dixital do alumnado e o profesorado.
- Lograr a interdisciplinabilidade entre as materias de Lingua Inglesa e Linguaxe Musical para alcanzar unha aprendizaxe e comunicación significativa.
- Favorecer o pensamento crítico.

## 5. COMPETENCIAS

- **Competencia en Comunicación Lingüística:** aplicación de vocabulario específico relacionado cos contidos da materia de Linguaxe Musical, ao comprender e aprender a letra das cancións, ao describir de forma secuenciada e significativa audicións, análises das pezas, instrumentos etc.
- **Competencia Plurilingüe:** uso dun vocabulario específico doutros idiomas, como o italiano, presente en termos de expresión musical e diferentes signos da materia; aprender cancións noutros idiomas, etc.
- **Competencia Matemática e Competencias en Ciencia, Tecnoloxía e Enxeñaría:** ineludible presenza de números e proporcións na música, tempo, ritmo, forma, métrica, interválica, harmonía...
- **Competencia Dixital:** utilización de software para traballar a aula virtual e o recoñecemento auditivo, compartindo recursos e entrega de tarefas.

- **Competencia Persoal, social e de aprender a aprender:** adquisición da capacidade de colaborar co grupo de forma construtiva, a de autoconñecerse e desenvolver un hábito de estudo adecuado para favorecer a aprendizaxe autónoma.
- **Competencia Cidadá:** transmisión de valores a través das actividades colaborativas (práctica vocal de conxunto) respectando a heteroxeneidade do grupo e a diversidade.
- **Competencia Emprendedora:** realización de actividades de improvisación e creación, promovendo a iniciativa a creatividade, a autonomía, a autoestima, o sentido crítico e o espírito emprendedor *per se*.
- **Competencia en Conciencia e expresións Culturais:** coñecemento da diversidade de épocas, estilos e xéneros da historia da música e as diferentes manifestacións musicais, folclore próximo ou afastado

## 6. CONTIDOS

### a. Contidos propios de cada unidade

#### UD 1

- *Elementos gráficos elementais: Pentagrama, liñas divisorias, dobre barra final, clave de sol e de fa en 4ª, liñas adicionais, notas (nomes), figuras (duracións, divisións do pulso): redonda, branca, negra, corchea, semicorchea, silencios: redonda, branca, negra e corchea), cadro de valores (equivalencias entre as diferentes figuras musicais). escritura das figuras (cabeza, plica, corchete), compás e signos de compás.*
- *Figuras a traballar nesta UD:*



#### UD 2

- *O pulso e o acento. Tempos fortes e débiles. Compases: 2/4, 3/4, 4/4. Percepción, identificación e interiorización.*
- *O compás de 2/4.*
- *Interiorización do silencio.*
- *Recoñecemento e xestualización de compases binarios, ternarios e cuaternarios. 2/4, 3/4, 4/4.*
- *Figuras a traballar nesta UD*



### UD 3

- Anacruse.
- A frase musical: pregunta-resposta (tensión-repouso), a frase cadrada, ordenacións formais sobre obras adaptadas ao nivel: repetición, imitación, variación, contraste. Coma de respiración ou fraseo.
- Figuras a traballar nesta UD:


### UD 4

- As cualidades do son.
- Indicacións de tempo e agónica:
  - Indicacións de tempo: *lento, adagio, andante, allegro, presto.*
  - Indicacións de agónica: *ritardando ou rallentando, accelerando.*
  - Indicacións metronómicas: *o metrónomo.*
- Signos que modifican a duración: *ligadura de unión, punto, caldeirón.*
- O compás de 3/4.
- Figuras a traballar nesta UD e as dadas con anterioridade:



### UD 5

- As claves. A clave de Fa en 4ª liña. Iniciación.
- Indicacións de dinámica e articulación:
  - Indicacións dinámicas: ▪ matices: *pp, p, mp, mf, f, ff.* Cambios graduais: *crescendo, diminuendo ou decrescendo.* Reguladores
  - Signos de articulación:
    - *Legato ou ligado*
    - *Staccato ou picado*
- Figuras a traballar nesta UD e as dadas con anterioridade:



### UD 6


- Escala musical (oitava, escala de Do, graos da escala: tónica dominante). Ton e semitón. Semitóns: *mi-fa, si-do.*
- As alteracións.
- O compás de 4/4.
- Figuras a traballar nesta UD e dadas con anterioridade:





## UD 7

- *Clasificación dos intervalos en ascendentes-descendentes, conxuntos-disxuntos, melódicos-harmónicos, simples-compostos, unísono, 8ª alta e baixa, acorde (maior e menor en recoñecemento auditivo). Clasificación dos intervalos numericamente.*
- *Figuras a traballar nesta UD e dadas con anterioridade:*



## UD 8

- *Práctica, identificación e coñecemento de feitos rítmicos característicos coma as síncope e as notas a contratempo (silencio de corchea-corchea).*
- *Figuras a traballar nesta UD e dadas con anterioridade:*



### b. Contido común á todas as unidades

- Práctica da lectura entoada de notas en clave de sol e lectura a primeira vista con ou sen acompañamento.
- Memorización rítmica e melódica de pezas musicais en dificultade ascendente progresiva.
- Práctica dos aspectos rítmicos e aplicación de percusión corporal e instrumental (Orff).
- Improvisación rítmica e melódica con ou sen proposta previa.
- Aplicación de ritmos a textos e viceversa.
- Recoñecemento auditivo rítmico e melódico.
- Adquisición da competencia dixital na aprendizaxe musical.
- Sensibilización e práctica de músicas doutras culturas.

## 7. METODOLOXÍA

Os principios metodolóxicos que rexen o funcionamento deste proxecto son os seguintes:

- Unha metodoloxía activa, posto que os contidos adquiridos póñense en práctica inmediatamente, ben individualmente, en pequeno grupo ou con toda a clase.
- Unha metodoloxía construtiva, é dicir, os contidos explicados e aprendidos constitúen a base para a comprensión e adquisición de novos elementos de orde superior.
- Fomento da creatividade mediante a elaboración de composicións musicais propias que empreguen os elementos do currículo.
- Fomento do estudio individual ao mesmo tempo que o traballo grupal e colaborativo. O estudio individual é a base para unha correcta participación a continuación nas producións grupais. A posta en común das dificultades atopadas mediante o instrumento de auto avaliación, que emprega a reflexión e posterior posta en común na aula co propósito de resolvelas dentro do grupo, implica ao alumnado nun sistema colaborativo de aprendizaxe.

No eixe do uso da lingua inglesa, trátase de que o alumnado se familiarice e, posteriormente, interiorice as estruturas e léxico necesario para comunicar con fluidez e confianza.

Os oito ODE que compoñen este proxecto amosan a mesma estrutura: presentación de teoría, práctica melódica, práctica rítmica, adestramento auditivo, improvisación/creación, músicas do mundo e práctica na lingua estranxeira pero é simplemente un sistema de organización que facilita a localización dos elementos.

Co fin de que a metodoloxía sexa variada, pódese seguir a orde establecida, comezar pola lectura melódica ou polo traballo rítmico e dende aí descubrir a teoría, traballar como nunha flipped classroom, etc.

## 8. AVALIACIÓN

Criterios de avaliación:

### 1. Xerais:

-Amosar a capacidade de aprendizaxe individual asegurando a transferencia para desenvolver unha autonomía para apreciar o rendemento do propio alumnado.

### 2. Rítmica-lectura:

-Imitar estruturas rítmicas e melódicas extraídas das pezas dos ODE para comprobar a memoria e a capacidade de reprodución sonora e motriz.

-Executar, a través da percusión corporal ou instrumental, estruturas das pezas en distintas dificultades

-Ler de forma entoada fragmentos melódico-rítmicos para comprobar o nivel de asimilación de contidos.

### 3. Entoación:

-Imitar estruturas melódicas coa voz para comprobar a fidelidade da mensaxe recibida e a memoria.

-Entoar melodías con acompañamento instrumental ou sen el para comprobar o grao de interiorización dos sons e xusteza de afinación.

-Reproducir a intervállica dun fragmento melódico.

### 4. Audición:

-Recoñecer auditivamente o pulso, ritmo e acento.

-Manter o pulso en períodos de silencio para comprobar a súa interiorización en cancións memorizadas previamente.

-Reproducir, por escrito, con boa caligrafía, fragmentos rítmicos ou melódicos escoitados empregando os elementos traballados.

### 5. Teoría:

-Coñecer e identificar os elementos básicos dunha partitura: pentagrama, clave, signo de compás, liñas divisorias, figuras, agónica, dinámica, etc.

### 6. Improvisación/ creación:

-Crear estruturas rítmicas ou melódicas sobre un fragmento escoitado con ou sen proposta previa.

-Valorar a capacidade creativa e o desenvolvemento de recursos estudados.

### 7. Uso da lingua estranxeira:

-Coñecer, memorizar e empregar o léxico na lingua inglesa de forma axeitada.

-Comunicarse con fluidez e certo grao de corrección na lingua estranxeira.

A avaliación levarase a cabo mediante os seguintes instrumentos:

1. Avaliación dos contidos adquiridos polo alumnado mediante un cuestionario SCORM en cada ODE.
2. Avaliación do grao de desempeño na realización das tarefas mediante unha rúbrica onde se inclúe tamén o criterio de avaliación correspondente e o indicador de logro.
3. Avaliación do proceso de aprendizaxe mediante reflexión persoal e posterior posta en común co resto do alumnado e profesorado.
4. Avaliación da proposta educativa por medio dun cuestionario.

## **9. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE**

Seguindo as recomendacións DUA, este proxecto presenta, non só múltiples medios de presentación dos contidos, vídeo, texto, son, senón tamén medios variados de expresión, tanto na tipoloxía de actividades como no uso de elementos como a voz, partes do corpo, instrumentos, programas de deseño de partituras, etc.

A variedade de instrumentos Orff dentro da aula facilita o acceso do alumnado a aqueles que mellor se adaptan as súas capacidades e necesidades e o mesmo ocorre coas actividades de cada apartado, que ofrecen unha gradación no nivel de exixencia, comenzando por aquelas de nivel máis sinxelo e aumentando a súa complexidade. Isto permite ao profesorado elixir o nivel de comezo ou remate da práctica.

A práctica musical en grupo axuda a disolver o foco de atención nunha soa persoa e, polo tanto, minimízase o estrés e o medo á actuación ante o público. Do mesmo xeito, favorece o sentimento de integración no grupo, de cooperación para acadar os obxectivos e evitar o illamento.

O uso das unidades dixitais permite ao alumnado acceder repetidamente aos contidos e repasar e refacer actividades tantas veces coma sexa necesario para acadar uns resultados óptimos.